



Expediente	Comisión Informativa Especial para o Estudo e Impulso do Novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).	Ref.1/2015
Trámite	Resolución Convocatoria.	

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 22.09.2015, acordou crear a Comisión Informativa Especial para o Estudo e Impulso do Novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) e determinou a composición e funcións da mesma, de conformidade co previsto nos artigos 122 da Lei 7/1985 e 131 do Regulamento orgánico do Pleno e das súas comisións.

Os portavoces dos diferentes grupos municipais presentaron na Secretaría do Pleno a proposta de designación dos membros, titulares e suplentes, que a cada un corresponden na devandita comisión.

Considerando as posibilidades de acumulación nun solo acto que prevé o artigo 75 da Lei 30/1992, así como os principios xerais de economía, celeridade e eficacia, que rexen o procedemento administrativo.

Ten en conta o anterior, en uso da atribución precisada polos artigos 130 e seguintes do Regulamento orgánico do Pleno e das súas comisións, DECRETO:

Primeiro.- Nomear membros da Comisión Informativa Especial para o Estudo e Impulso do Novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aos seguintes concelleiros:

Concelleiro/a			Grupo	Vogal
Carme	Da Silva	Méndez	BNG	Titular
Demetrio	Gómez	Xunqueira	BNG	Titular
Anabel	Gulías	Torreiro	BNG	Titular
Luis Alberto	Oubiña	Piay	BNG	Titular
Jacobo	Moreira	Ferro	PP	Titular
José Luis	Martín	González	PP	Titular
Iván	Puentes	Rivera	PSdeG-PSOE	Titular
Luis	Rei	Núñez	Ma.Po	Titular
María José	Rey	Martínez	GRUPO MIXTO-C's	Titular

Segundo.- Atendendo ao comunicado polos grupos, serán suplentes dos membros titulares calquera dos seus restantes membros.

Terceiro.- Convocar aos membros da Comisión do pleno referida á sesión EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA desta que terá lugar o día 30.10.2015, na Sala de Comisións do edificio municipal da rúa Michelena, 30, ás 10.00 horas, en primeira convocatoria, ou 1 hora despois, en segunda convocatoria, de non obterse quórum suficiente na primeira.

Cuarto.- Fixar a seguinte orde do día:

Punto 1.- Coñecemento de acordo plenario de creación, composición e funcións. Coñecemento dos seus compoñentes, segundo comunicación dos distintos portavoces. Constitución da Comisión.

Punto 2.- Elección do Presidente e Vicepresidente.

Punto 3.- Determinación, no seu caso, do día e hora das sesións ordinarias.

Quinto.- Dar traslado da presente aos Srs. Concelleiros membros da devandita Comisión, así como á Intervención municipal, de conformidade co art. 58.9 f) do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra.

Pontevedra, 27.10.2015.

O Alcalde,

Miguel Anxo Fernández Lores.

O Secretario Xeral do Pleno

José Luis Mato Rodríguez.

